**Segundo.-** En virtud del principio presupuestario de especialidad temporal, dispone el art., 176 del TRLHL que "con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras o servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario". Excepción a este principio, tradicionalmente admitida en la esfera local, con reiterada Jurisprudencia que establece que la no asunción de dichos gastos, efectivamente realizados, por los Ayuntamientos derivaría en un enriquecimiento injusto, es la posibilidad del reconocimiento extrajudicial de obligaciones correspondientes a ejercicios anteriores, que por cualquier causa, no lo hubieran sido en aquél a que correspondían, posibilidad prevista en el art. 60.2 del R.D. 500/90

**Tercero.-** La Base nº 20.2 del Presupuesto General de 2015 señala, al referirse a las fases de ejecución del gasto, respecto a la competencia para el reconocimiento de las obligaciones: "Si se trata de gastos del ejercicio anterior, en cualquier caso le corresponde al Pleno de la Corporación, de conformidad con la base nº 16, a través del reconocimiento extrajudicial, siendo esta facultad indelegable". A su vez la base nº 16 señala: "Corresponderá al Pleno de la Corporación, de acuerdo con el artículo 22 de la Ley 7/85, en la redacción dada al mismo por la Ley 57/2.003, de 16 de diciembre, de medidas para la modernización del gobierno local: El reconocimiento extrajudicial de créditos relativos a obligaciones adquiridas en ejercicios anteriores sin el cumplimiento de los trámites preceptivos

**Cuarto.-** Existe consignación para reconocer estas facturas en las correspondientes partidas del Presupuesto de 2015, como se señala en el informe de reparo de Intervención nº 19/15.

Se debe proceder a la aprobación de esta relación de facturas con el fin de cumplir los plazos de pago que marca la normativa vigente. A fecha de aprobación de estas facturas sólo se cumpliría el plazo de un mes para la aprobación de las facturas desde que son registradas, para las 17 últimas incluidas en la relación. En lo que se refiere al plazo legal de pago: un mes para registrar las facturas, y un mes para pagar desde que son aprobadas, con un máximo de 60 días, las primeras 45 estarían fuera de ese plazo legal de pago si se pagan más tarde del 7 de noviembre

Es por esta razón que elevo al Pleno, previo dictamen de la Comisión Informativa, el siguiente ACUERDO:

"Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 04-RE/15 por importe de **18.945,53 €: dieciocho mil novecientos cuarenta y cinco euros con cincuenta y tres céntimos**, a favor de los terceros detallados en la relación citada y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2015, resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 19/15."

**SRA.MIGUEZ, PSOE.-** Nós vamos a abstermos neste punto.

**SR.PEREIRA, BNG.-** O BNG tamén se va abster neste punto. Non vamos a pór trabas para o pago das facturas que como cada ano chegan tarde, entón optamos pola abstención.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Igual que en el anterior, también nos vamos a abster.

**SR.ALCALDE.-** Decir que ojalá que se aprobara por unanimidad. Este el el cuarto reconocimiento que se hace en este año; como muy bien ha dicho nuestra portavoz, María Iglesias, son facturas casi todas correspondientes al consumo eléctrico con una potencia inferior a 10 kw, del 2014; pero decirles que en esta partida de 18.945 euros también hay una de más o menos 2.100 euros, que es el cánon de las instalaciones municipales; el cánon que tenemos que hacer a la Xunta. Decirles que como saben dentro de un mes empezará la empresa GESTAGUA a trabajar y asumirá ese coste en el 2016, lo cual es una de las ventajas que tendremos. Entiendo que es una noticia buena para todo el Ayuntamiento porque ese dinero que no tendremos que ingresar pues lo podremos utilizar en otros servicios.

**O Sr.Alcalde somete a votación el presente punto, resultando: 9 votos a favor, PP; abstencions: 8 (4, PSOE; 2, EU-SON; 2,BNG).**

**E por isto que o Pleno, por maioría, ACORDA:**

- Aprobar, comprometer el gasto y reconocer extrajudicialmente las obligaciones que se derivan de las facturas incluidas en la relación nº 04-RE/15 por importe de **18.945,53 €: dieciocho mil novecientos cuarenta y cinco euros con cincuenta y tres céntimos**, a favor de los terceros detallados en la relación citada y con cargo a las partidas correspondientes del Presupuesto del año 2015, resolviendo el informe de reparo de Intervención nº 19/15.

### **13.- MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA 7 E 25 DE NOVEMBRO DE 2015 CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

**O SR.ALCALDE** cede a palabra á **SRA. IGLESIAS, PP.**

**SRA.IGLESIAS.-** Antes de leer a moción decir que según falamos na Comisión Informativa creo que íamos a facéla conxuntamente.

Procede á lectura da seguinte:

### **MOCIÓN AO PLENO CON MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DO 7 DE NOVEMBRO DO 2015 E DO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O 7 de Novembro de 2015 confluirán en Madrid miles de persoas de todo o Estado convocadas polo Movemento Feminista para manifestarse contra as violencias machistas.

Todas as persoas, e entidades, especialmente as públicas estamos emprazadas non so a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista

evidenciada nos casos gravísimos da actualidade, dez anos despois da Lei Integral contra a violencia de Xénero de 2004, das numerosas Leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul ( BOE do 6/06/2014)

Os Concellos como institución máis próxima , somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da Lei 2004 . Agora máis que nunca e no actual escenario no que,según datos do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade a 26 de outubro de 2015 no que vai de ano morreron en España 38 mulleres por violencia de xénero e na nosa Comunidade autónoma houbo neste ano 5 vítimas mortales por violencia de xénero . Agora máis que nunca debemos poñer especial atención en que os logros acadados non sufran ningún tipo de retroceso.

Por iso este Concello ACORDA:

- Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta co lema "Contra as violencias Machistas".
- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de xénero.
- Soster todos os días do ano , todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a consecución da igualdade e para a prevención e atención integral ás vítimas de violencia de xénero , cumprindo o artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004 establecendo un sistema establede financiamento estatal, autonómico e local a longo prazo.
- Contribuír a promoción da igualdade e conta a violencia de xénero en todo os centros e en todas as etapas educativas do municipio , cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilizar contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e demais servizos de competencia municipal.
- Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece no seu artigo 68 inclúa conforme aos artigos 7.3 de 18.2 as actuacións da administración local.
- Fortalecer as políticas locais a favor da igualdade poñendo especial atención en que a actual crise económica non supoña un aumento da brecha das desigualdades existentes e aminoración dos recursos para loitar contra a violencia de xénero.

**SRA.IGLESIAS.-** A maiores desta moción decir que a día de hoxe por desgracia morreron unha persoa máis en Galicia e 3 máis a nivel nacional, e que dende a Corporación Local mostramos todo o noso apoio a loitar contra a violencia de xénero que é unha lacra que temos na nosa sociedade. Moitas grazas.

**SRA.MIGUEZ, PSOE.-** Nós vamos a votar por suposto a favor da moción, de feito eu fun a que propuxen que se fixera conxunta porque me alegraba moito leer no texto da moción que se recollera todo o que estaba pedindo o movemento feminista e denuncia, a través da Plataforma feminista galega, a través da cal tamén me habían pasado datos para facer unha moción practicamente igual.

En canto ao contido e á pancarta, me gustaría que estivera xa colocada porque estamos xa a día 5 de novembro e o día 7 é pasado mañán, e hai Concellos onde xa leva colocada semanas e incluso xa teñen preparada a iluminación dalgún edificio importante para o día 7.

Dende 1.995 en España levan morto 1.400 mulleres, e últimamente estivemos vivindo sistemáticamente recortes nos recursos especializados contra a violencia machista e recortes nos dereitos reproductivos sexuais das mulleres, como foi a lei do aborto. Seguimos vivindo nunha sociedade que tolera e alimenta a desigualdade e resta capacidade ás mulleres; toda a sociedade ten que involucrase dende as organizacións e institucións contra o terrorismo machista, porque isto non deixa de ser outra forma de terrorismo. A prevención e protección das afectadas debería ser unha política prioritaria nunha democracia; a violencia machista non é tolerable.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Primeiro aclarar que nós por cuestións persoais non pudimos asistir á Comisión Informativa e dende logo que tamén secundariamos facer todos xuntos esta moción. Pero sí que é certo que está ben, non temos nada en contra desta moción, pero sí que entendemos que está incompleta ou que se pode mellorar; non o decimos dende o BNG, o dicen tamén outras asociacións e mulleres feministas; entón consideramos que é o momento de dar uns pasos que melloren as leis existentes, pasos máis alá, e nese sentido en primeiro lugar hai certos movementos que consideran necesarios introducir termos amplos que reflictan tódalas dimensións deste problema como por exemplo o termo do "feminicidio", que non deixa de ser un asesinato machista, aínda que non exista como tal ese término nestes momentos.

Este tema ten dúas dimensións claras; por unha banda unha dimensión política que presenta o asesinato e morte de mulleres como ún dos ataques máis graves contra os dereitos humanos e a integridade moral e a liberdade; e por outra a gravidade e magnitude do problema que consideramos necesario a inclusión dese termo como forma de terror propia que sufren as mulleres só por cuestión de xénero, e sirva de base para a elaboración dun Estatuto de vítimas de feminicidio.

Por iso nós propoñemos ao Pleno incluír un punto que sería: "Instar á Xunta de Galicia a trasladar ó Goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de xénero, introducindo o termo "feminicidio" e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de vítimas do feminicidio.

Introducir asemesmo na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelara, ou documento acreditativo da propia orde de protección, ou da medida cautelara, sentenza de calquera orde, xurisdiccional, que declare que a muller sufríu violencia en calquera das modalidades definidas nesta Lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios, e/ou sanitarios, e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galicia ou do Concello; informe da Inspección de Traballo da Seguridade Social e calquera outra que se establezca regulamentariamente.

Asemesmo iniciar os traballos para modificar a Lei Galega 11/2007 do 27 de xullo, para prevención e tratamento integral da violencia de xénero, para incorporar a regulación do feminicidio e o Estatuto de protección das vítimas do

feminicidio. Finalmente instar á Xunta a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral, recollidos na Lei Galega 11/2007 de 27 de xullo para prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e garantir que o servizo 016 de atención das mulleres esté operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** De este problema poco máis puedo aportar a lo que ya se ha dicho. Solamente suscribir todo lo que han dicho los grupos, incluída la propuesta de modificación que hace el BNG, e instar a todos a seguir luchando contra esta puñetera lacra.

**SR.ALCALDE.-** Decir que no colocamos antes la bandera en el balcón del Concello porque realmente esto nos lo presentaron a nosotros hace escasos días y tuvimos una reunión con la concejala que lleva el área, María Jesús Martíns; estuvimos charlando, y la teníamos ya preparada el día anterior a la Comisión Informativa.

En esa Comisión Informativa tuvimos el talante de decir que entendíamos que ustedes debían entrar en esta moción; el BNG en ese momento no estaba, pero todos los demás dijeron que sí; entonces no entiendo lo que piden ahora; nosotros no vamos a apoyar ese punto a más porque entendemos que no tiene criterio; todos quedamos en algo.

A mí me hubiese gustado que lo hubiesen presentado antes. Todos quedamos en que ésta era la moción. Hablando claro, si todos queremos que esto vaya para adelante y que esta lacra, que realmente es una aberración, yo no sé si llamarla "feminicidio" como dice usted, pero es una aberración lo que está pasando con las mujeres; pero entendemos que si todos queremos luchar contra esto tenemos que apoyar esta moción porque realmente lo dijimos así en la Comisión Informativa y tenemos que apoyarla para que realmente vaya adelante y no entrar en temas partidistas porque sino al final no van a funcionar las cosas; si ya empezamos a entrar en temas partidistas, competencias. Las elecciones generales están ahí a la vuelta de la esquina; si quieren cambios de leyes estatales, pues yo creo que sería bueno proponerlo dentro de 2 meses ó 2 meses y medio cuando realmente gobierne quien gobierne; ahora mismo estamos preparando una moción que entiendo que es de apoyo a esta lacra como hemos comentado antes.

Y decir que con respecto a los últimos años sí han bajado; todos queremos que el número fuera 0; estamos hablando del año 2013-2014, fueron 54 víctimas; si hablamos del año 2008-2010, 73 ó 74 víctimas; es cierto que solo queda mes y medio para que acabe este año. Pero por supuesto que el número debía de ser 0; ni 1 ni 2, debía de ser 0; y todos debemos de luchar por eso.

Creo que todos debemos apoyar esta moción para que se vea que realmente desde la Corporación municipal de Baiona hay consenso; y creo que éste es un tema de consenso; no debemos entrar en temas políticos ahora mismo en cuanto a este tema, de si la Xunta debe hacer algo más, ó si el Estado debe de hacerlo; creo que debemos apoyar esta moción así; por eso no estamos a favor de lo que plantearon y más por haberlo hecho en este momento; otra cosa es que usted lo hubiese planteado en su momento, en la Comisión Informativa, ó al día siguiente.

Por ello nosotros vamos a apoyar esta moción tal y como está; y yo pensaba que lo íbamos a hacer, como dijo al principio nuestra concejala María Iglesias, por unanimidad; creo que sería bueno que así lo hicieramos. Nosotros no vamos a apoyar ese punto a más.

**SRA.MIGUEZ, PSOE.-** Neste caso, Iago, yo creo que por ser unha moción que se presenta conxunta non cabe neste momento incluír un novo punto ou unha suxerencia, ou un novo párrafo; o que estás plantexando é outra moción. Entendo que nesta moción que se presenta no Pleno quedan recollidas as inquietudes e as solicitudes do Movemento feminista e é un apoio á marcha do 7 de novembro en Madrid.

Iso que ti plantexas, claro que é importante, pero é unha nova moción; non é a moción que estamos debatindo hoxe no Pleno.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Sr.Rodal, empecei o punto decindo que nós apoiamos esta moción; entón xa todo o seu discurso se cae; nós vamos apoiar esta moción tal e como está. Enmendamos porque entendemos que mellora a propia moción co punto que leín antes.

Fala vostede de términos políticos; sempre está co tema de términos políticos e eu non os vexo por ningún lado; dígame vostede por favor cáles son os términos políticos no que acabo de decir de instar á Xunta realmente a que se melloren as Leis existentes. Nin siquera hai unha crítica expresa á Xunta de Galicia no que acabo de decir. Simplemente se insta a que se mellore.

Non entendo a postura do Partido socialista no sentido de entender que é outra moción; eu creo que é complementar, dende o noso punto de vista; non dende o punto de vista do BNG senón dende outro tipo de asociacións feministas, que tamén as hai, que están loitando porque se inclúa esa palabra que non ten nada de malo. Reitero que se non estades dacordo en incluír este punto non hai problema, o BNG vai apoiar esta moción, que quede claro; e vai a ser aprobada por unanimidade. Entendemos tamén que é certo que tiña que haber sido plantexada na Comisión Informativa, pero por desgracia non podemos acudir. Pero non os preocupedes que nós apoiamos a moción; o único que facemos, como sempre, é intentar mellorala, nada máis.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Decir lo mismo que dijimos al principio, que apoyamos la moción, pero obviamente tampoco estamos cerrados a que cualquier moción de este tipo, y sobre por la problemática que atañe, sea mejorada; entendemos que la propuesta que ha hecho el Bloque mejora la moción; es ir un poquito más allá de lo que dice esta moción; no estorba; como dicen por aquí "todo lo que ayuda, no estorba". No obstante repetimos que apoyamos la primera moción, tal y como hicimos en la Informativa; pero estaríamos también dispuestos a ir más allá y apoyar algo más.

**SR.ALCALDE.-** Sra. Miguez, entiendo que esté emocionada; yo soy un hombre pero la entiendo perfectamente; es una lacra que afecta sobre todo a las mujeres y a sus familias. Creo que usted ha estado muy acertada en sus intervenciones, sobre todo en la segunda; y yo creo que cuando las cosas se quieren hacer bien y son consensuadas, son consensuadas. Hay algo que cada vez se pierde más que es la palabra.

Aunque sí es cierto que aquí podríamos poner lo que plantearon, Sr.Montes, es cierto, pero cuando se da una cosa que es la palabra yo creo que es vital. Esto es lo que conveníamos. Si alguna vez hacen alguna enmienda o algún punto a

añadir pues me gustaría que lo comentasen antes; si realmente tienen intención de que se apruebe me gustaría que lo comentasen antes, sobre todo porque se podría estudiar.

---

**O Sr. Alcalde somete a votación a enmienda presentada polo BNG, resultando: 4 votos a favor (2, BNG; 2, EU-SON); en contra: 9, do PP; abstencións: 4, PSOE. Polo cal, o Pleno, por maioría absoluta, acorda rexeitar a enmienda do BNG.**

---

**O Sr. Alcalde somete a votación el presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**E por isto que o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

- Colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta co lema "Contra as violencias Machistas".
- Facelo igualmente cada ano o 25 de novembro Día Internacional contra a Violencia de xénero.
- Soster todos os días do ano, todos os anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a consecución da igualdade e para a prevención e atención integral ás vítimas de violencia de xénero, cumprindo o artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004 establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómico e local a longo prazo.
- Contribuír a promoción da igualdade e conta a violencia de xénero en todo os centros e en todas as etapas educativas do municipio, cooperando coa comunidade escolar.
- Sensibilizar contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e demais servizos de competencia municipal.
- Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece no seu artigo 68 inclúa conforme aos artigos 7.3 de 18.2 as actuacións da administración local.
- Fortalecer as políticas locais a favor da igualdade poñendo especial atención en que a actual crise económica non supoña un aumento da brecha das desigualdades existentes e aminoración dos recursos para loitar contra a violencia de xénero.



---

**SRA. MIGUEZ, PSOE.-** Decir que agora mesmo vou a mandar a través do grupo da Plataforma Feminista galega, que é a que me pasou toda a documentación, lles vou a dar conta de que a moción se aprobou por unanimidade no Pleno de Baiona. Grazas a todos.

#### **14.- MOCIÓN DE URXENCIA.- CREACIÓN DUN GRUPO DE TRABALLO.**

##### **EXPLICACION DA URXENCIA.- SR. LORES, PSOE.**

Esta moción foi presentada na Comisión Informativa é verdade que xa estaba a Orde do Día artellada porque nós pensamos que íamos a ter unha semana máis para presentála. A única Urxencia que ten é que veña ó Pleno; non hai outra urxencia máis que sexa debatida no Pleno. É unha moción que pretende crear un grupo de traballo para pór en valor a primeira volta ó mundo, na cal había dous mariñeiros de Baiona: Diego Carmona, que era mariñeiro, y Vasco Gómez Gallego, que era grumete. Dos 18 tripulantes que conseguiron dar a volta o mundo dous eran de aquí, de Baiona; polo tanto entendemos que é un feito que temos que pór en valor e sobre todo que temos que aproveitar pois todo entorno a este feito histórico, e xa se está empezando a traballar en distintos Concellos tanto de España como a nivel internacional; e en Galicia temos concretamente o concello de Tui.

Entón a Urxencia ven dada simplemente para que sexa debatida; non hai outra urxencia de dicir que remata algún prazo; non é así.

---

**Sometida a Urxencia a votación polo Sr. Alcalde, resulta aprobada por unanimidade.**

##### **SR. LORES, PSOE.-**

**O Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno a seguinte moción:**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**V Centenario da Circunnavegación: Expedición de Magallanes-Elcano: 16 setembro 2022.**

**O 6 de setembro de 2022 cúmprese o V Centenario da expedición de Fernando de Magallanes e Juan Sebastián Elcano.**

Esta expedición marítima, financiada pola Coroa de España é a primeira circunnavegación da Terra na historia, o que marca un fito histórico e xeográfico de importancia capital a nivel mundial, cunha importancia igual ou superior ao Descubrimento de América.

A expedición partiu de Sevilla o 10 de agosto de 1519 con cinco barcos e 234 homes e regresou a Sanlúcar de Barrameda o 6 de septiembre de 1522.

Das cinco naves e 234 tripulantes coa que contaba a expedición somentes regresou a Nao Victoria e 18 homes dos cales dous deles eran baioneses: Diego Carmona, mariñeiro, e Vasco Gómez Gallego, grumete.

Entre as vilas e cidades españolas relacionadas co feito histórico atópanse: Sevilla, Sanlúcar de Barrameda, Baracaldo, Guetaria, Tui, Bermeo, Bilbao, entre outras.

Así mesmo, entre as cidades estranxeiras onde recalou a expedición atopamos cidades nos cinco continentes.

Debido a importancia que ten este feito nos eidos cultural e turístico e tamén para a difusión internacional da nosa vila,

O Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que se adopte o seguinte ACORDO:

- Creación dun Grupo de Traballo "V Centenario da Circunnavegación" con representación dos grupos políticos municipais, representantes da sociedade civil e expertos na promoción cultural e turística.

**Continúa o SR.LORES, PSOE.-** Nos entendemos que isto ten que ser un proxecto de pobo, que canto máis se abra, por iso "urxe" que se faga con tempo suficiente porque primeiro hai que pór en valor dentro do pobo este feito, e despois hai que porse tamén en contacto cos outros Concellos e coa Comisión do V Centenario, que se paralizou hai 2 anos polo problema da crisis, como era normal, pero que agora xa se está volviendo a retomar, e que nós entendemos que hai que empezar a traballar; tódalas asociacións, tódolos empresarios; porque isto ten unha importancia a nivel turístico e a nivel cultural.

Vai haber moitísimas iniciativas tanto a nivel nacional como a nivel internacional en torno a este acontecemento, polo tanto Baiona ten que coller esa estela e procurar que arredor deste feito histórico se xenere que o nome de Baiona saia en todos estes acontecementos, e segundo, que sexa un motor cultural e económico deste Concello. Creo que é algo importante que nós debemos, como representantes políticos deste Concello, aproveitar e pórnos a traballar nélo.

Tamén están discutindo en distintos Concellos porque hai agora unha dúbida de si facer a conmemoración no ano 2019 ou no 2022. O 2019 sería cando partiu de Sevilla, e no 2022 cando volveu a Sanlúcar de Barrameda; esas serían as dúas opcións que se están agora discutindo nos distintos Concellos.

***Neste intre prodúcese un corte de luz polo que se procede a redacción da acta segundo o establecemento no artigo 109.1.f) do ROF***

A Concelleira María Iglesias toma a palabra para manifestar que o Concello de Baiona ten interese na historia e na cultura e así o amosou e dado que dous mariñeiros de Baiona participaron na expedición e na súa honra se designaron dúas rúas proponse a presentación conxunta da moción coa seguinte emenda:

- **Eliminar na parte expositiva da moción o seguinte <<, cunha importancia igual ou superior ao Descubrimento de América.>>**
- Enadir a proposta de cordo o seguinte: e colaborar institucionalmente con outros Concellos e Institucións do Estado ligados a tan memorables feitos>>

A concelleira conclúe, Baiona, ten un protagonismo histórico e vamos a estar neste feito.

O Concelleiro D. Iago Pereira sinala que o asunto, de urxencia, non ten nada (sete anos vista) e non sabe ata que punto os mariñeiros baioneses que participaron na expedición teñen que ver con Baiona e equiparar este feito a Arribada non lle parece.

Sr. Silvano Montes sinala que todo está moi ben pero bota en falta un obxectivo concreto e que competencias van a ter no grupo de traballo.

O Sr. Rafael Lores agradece o apoio do PP e considera que a aportación proposta é correcta. Engade o concelleiro que a nivel cultural o Concello ten que mediar e aproveitar calquer hito histórico e dentro duns anos haberá actos conmemorativos que tamén teñen un interese turístico do municipio e en consecución riqueza para a economía e a cultura. Considera que o obxectivo da proposta e a proxección nacional e internacional dos concellos intervincentes podendo ser beneficiarios de investimentos e destaca a visión da concelleira de cultura, Maris Iglesias, no senso de que se a nivel estatal hai co organización non podemos beneficiarnos.

O Sr. Iago Pereira manifesta que as decisións do BNG se toman en assemblea e comunon se poñen de acordo entre os dous.

O Sr. Silvano Montes dí que non o ve claro e que cando o teña claro estar a favor.

O Sr. Alcalde dí que todos están de acordo en que Baiona, pola súa historia ten un papel relevante e dado o papel que xoga Baiona calquera acto que poida venir é perfecto para a súa difusión internacional e para a desestacionalización do turismo. Engade o Sr. Alcalde que en Baiona ten tanto potencial que nin nos damos conta.

---

Sométese a votación a emenda proposta pola Concelleira de Cultura resulta aprobada por trece votos a favor (9PP, 4PSdG-PSOE) e catros abstencións (2BNG, 2EU-Eu son).

Acto seguido sométese a votación a seguinte moción proposta polo grupo municipal PSDG-PSOE e PP relativa ao V Centenario da Circunnavegación: Expedición de Magallanes-Elcano: 16 setembro 2022.

**<<O 6 de setembro de 2022 cúmprese o V Centenario da expedición de Fernando de Magallanes e Juan Sebastián Elcano.**

**Esta expedición marítima, financiada pola Coroa de España é a primeira circunnavegación da Terra na historia, o que marca un fito histórico e xeográfico de importancia capital a nivel mundial.**

**A expedición partiu de Sevilla o 10 de agosto de 1519 con cinco barcos e 234 homes e regresou a Sanlúcar de Barrameda o 6 de setembro de 1522.**

**Das cinco naves e 234 tripulantes coa que contaba a expedición somentes regresou a Nao Victoria e 18 homes dos cales dous deles eran baioneses: Diego Carmona, mariñeiro, e Vasco Gómez Gallego, grumete.**

**Entre as vilas e cidades españolas relacionadas co feito histórico atópanse: Sevilla, Sanlúcar de Barrameda, Baracaldo, Guetaria, Tui, Bermeo, Bilbao, entre outras.**

**Así mesmo, entre as cidades estranxeiras onde recalou a expedición atopamos cidades nos cinco continentes.**

**Debido a importancia que ten este feito nos eidos cultural e turístico e tamén para a difusión internacional da nosa vila,**

**O Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que se adopte o seguinte ACORDO:**

- Creación dun Grupo de Traballo "V Centenario da Circunnavegación" con representación dos grupos políticos municipais, representantes da sociedade civil e expertos na promoción cultural e turística e colaborar institucionalmente con outros Concellos e Institucións do Estado ligados a tan memorables feitos>>
- >>

Resultado da votación trece votos a favor (9PP, 4PSdG-PSOE) e catros abstencións (2BNG, 2EU-Eu son).

E por isto que o Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros **acorda:**

- **Creación dun Grupo de Traballo "V Centenario da Circunnavegación" con representación dos grupos políticos municipais, representantes da sociedade civil e expertos na promoción cultural e turística e colaborar institucionalmente con outros Concellos e Institucións do Estado ligados a tan memorables feitos>>**

---

## **15.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS**

#### **D. Carlos Gómez formula os seguintes rogos**

- Solicita unha copia do proxecto de Humanización de Sabarís (terceira fase).
- Solicita, tralos últimos retrasos, que se respete a periodicidade mínima da Comisións Informativas e Plenos e as súas notificacións

#### **D. Iago Pereira formula o seguinte rogo:**

- No multiusos Ángel Bedriñana non hai audio.

A Concelleira de Cultura dí que hai que solicitalo

**D. Xose Manoel Marcote formula o seguinte rogo:**

- Que se inste a Xunta de Galicia a solución dos problemas existentes coa tarxeta metropolitana posto que se están xenerando malestar cos usuarios.

**D. Silvano Montes formula o seguinte rogo:**

- Que o equipo de Gobrno se absteña de publicar comentarios partidistas na páxina web institucional do Concello (concretamente refírese a noticia publicada respectoa formalización do contrato de xestión do servizo público da auga).

O Alcalde dí que se revisará.

**PREGUNTAS**

Preguntas pendentes do Pleno anterior.

No pleno anterior o **Sr. Montes Sánchez** formulou a seguinte pregunta:

3ª PREGUNTA.- No Pleno do día 2 de Xullo do 2015, en resposta ao portavoz do grupo do BNG, sobre a habilitación dun espazo na páxina web para os grupos municipais, o Sr. Rodal negou tal posibilidade xa que "No existe una obligación legal en cuanto a habilitar un espacio de publicaciones para los grupos con representación en la Corporación Municipal, y para aquellos colectivos que así lo soliciten. La página web es una página institucional; por lo tanto eso no procede".

Botando unha ollada á mencionada páxina, atopámonos con que no inicio da mesma e no apartado "El Municipio", debaixo dos enlaces a "Presentación, Qué hay que saber, Baiona Parroquia a Parroquia y callejero", aparece outro chamado "Blog Parroquial".

Entrando no citado enlace, lévanos ao blog de Javier Olivares autodenominado "Baiones Jubilado". Isto lévanos ás seguintes cuestións: 1ª Qué relación Institucional ten o citado veciño co Concello. 2º Si non a tivera, quén autorizou a inclusión do citado enlace na páxina web oficial do Concello, con qué finalidade e qué requisitos se lle pediron. 3ª Por que non se fixeron públicos estes requisitos para que o resto dos veciños, colectivos, asociacións, etc, teñan tamén a posibilidade de insertar o seu blog en sitio preferente da web do Concello.

O Alcalde contesta o seguinte: respecto a primeira pregunta, ningunha. A segunda, a autorizou o equipo de gobernó e respecto a terceira o Sr. Rodal dí que nun primeiro momento era unha folia parroquial e a vista dos comentarios publicados acordouse a súa retirada ao día seguinte.

O Sr. Silvano Montes formula a seguinte pregunta:

1.- ¿Ten previsto adherirse ao Portal de Transparencia do Estado?

O Alcalde dí que o 10 de decembro estarase cumpridamente as obrigas derivadas da Lei de Transparencia.

2.- Asinouse o contrato con GESTAGUA

O Alcalde contesta que si.

**Sr. Rafael Lores toma a palabra para formular as seguintes preguntas:**

- En Alborada-Eido Vello hai unha casa sen saneamento ¿que actuación vai ao respecto o Concello?

O Alcalde solicita que para seren contestadas, as preguntas se presenten coa antelación de 24 horas.

- ¿En camiño Pouquena vaise realizar algunha acción?

O Sr. Alcalde manifesta que se fixo limpeza na zona fai un mes pero que a solución definitiva depende de que os veciños deixen pasar as tuberías.

- Respecto a moción aprobada no pleno anterior respecto a inclusión do Concello de Baiona no programa TES +BUS

O Sr. Alcalde contesta que aínda non contestaron.

- No mes de xullo a Comunidade de Montes de Belesar cedeu uns terrenos para a execución de obras do Cortelliño.

O Alcalde dí que se ceden por un prazo de 25 anos para o seu uso.

- ¿Cal é a débeda recoñecida polo Concello de Baiona co gallo do rescate da concesión da explotación do apracadorio soterrado no Aral, ben coa antiga empresa concesionaria, Sofranda e/ou a entidade financeira acreedora?

O Alcalde manifesta que non hai unha débeda recoñecida, se ben procedeuse ao abono de salarios pendentes de pago aínda nons e aprobou a valoración definitiva das obras polo pleno da Coporación.


- Ao grupo municipal do PSdG-PSOE de Baiona interésalle coñecer a relación actualizada coa súa localización e superficies, dos Bens Patrimoniais dentro das categorías de chahn dotacional e chan edificables ou de aproveitamento lucrativo.

O Alcalde dí que se solicite por escrito.

Foron actualizados en 2015 os valores catastrais dos bens inmobles urbáns sitos no Concello de Baiona? Si así fora, cal é o incremento medio dos novos valores catastrais respecto da anterior valoración de 1998?

O Sr. Alcalde dí que noa no 2015 non foron actualizados os valores catastrais, a última revisión foi en 2010.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.



A large, complex handwritten signature in black ink, consisting of many overlapping loops and curves.

